





## ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 13 AO 16 XANEIRO

**Sábado 13 – Xaneiro:** Galicia queda durante esta xornada na influencia da borrasca Hipólito, centrada sobre os Azores. Chuvias persistentes no litoral. Ventos do sueste pola mañá e de compoñente sur pola tarde con intervalos fortes no litoral durante a mañá e nas horas centrais do día. Mar combinada en aumento, con ondas que superarán os 3 metros de altura en mar aberto no litoral atlántico. Avisos amarelos por vento forza 7 nas Rías Baixas e na Costa da Morte. Aviso en terra por ventos superiores ao 80 km/h litoral da Coruña na primeira metade do día.



Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 13 de xaneiro


**Domingo 14 – Xaneiro:** A situación continuará dominada polos ventos do sur-suroeste, que soprarán con menor intensidade que na xornada anterior. Agárdanse chuvias persistentes e de intensidade moderada ao longo da primeira metade da mañá, que tenderían a remitir pola tarde. Mar combinada con ondas de 2 a 3 metros de altura.




Ventos e correntes previstas para o mediodía do domingo 14 de xaneiro



**Luns 15 – Xaneiro:** Durante a xornada do luns as baixas presións continuarán ao oeste da península Ibérica, achegando masas de aire húmido e morno cara a Galicia. Isto quere dicir que temos que agardar unha xornada de chuvias débiles e intermitentes no litoral, con ventos do suroeste, que ao igual que o luns non soprarán con moita intensidade. A altura das ondas quedará en mar aberto no entorno dos 2 metros de altura




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do luns 15 de xaneiro

**Martes 16 – Xaneiro:** Galicia continuará un día máis na influencia dunha borrasca localizada entre os Azores e a península Ibérica. Continuará polo tanto a chegada de masas de aire morno pero moi cargado de humidade. As chuvias serán previsiblemente tamén protagonistas nesta xornada cando terán carácter persistente e intensidade moderada. Os ventos no litoral soprarán do sur con intervalos fortes. O mar combinado irá en aumento ata superar os 3 metros de altura en mar aberto.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do martes 16 de xaneiro



## Valoración sobre a chegada dos "pellets" ao litoral de Galicia

Hoxe sábado vemos xa o cambio na dirección dos ventos. O centro da borrasca móvese algo ao sur da latitude de Galicia e isto fai que na súa aproximación deixe en primeiro lugar ventos do sueste, que aínda non serían propicios para a chegada de novos pellets. Pero co avance das horas irá cambiando a sur e durante as xornadas do domingo e luns o vento predominante xa será do sur-suroeste o que combinado coas correntes predominantes de sur a norte poderían facilitar a chegada de novos pellets.

Polo momento, e ao igual ca onte, esta valoración cómpre tomala con precaución xa que segue sen coñecerse a localización real destes pellets, polo que mesmo sendo propicias as condicións non podemos saber se chegarán, e de facelo, en que cantidades.

### Información sobre as mareas:

Sábado, día 13:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	05:20	4.1	Preamar	04:59	3.9	Preamar	05:03	3.9
Baixamar	11:35	0.4	Baixamar	11:15	0.4	Baixamar	11:19	0.4
Preamar	17:48	3.8	Preamar	17:27	3.6	Preamar	17:31	3.6
Baixamar	23:47	0.6	Baixamar	23:27	0.6	Baixamar	23:31	0.5

Domingo, día 14:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	06:07	4.1	Preamar	05:44	4.0	Preamar	05:50	4.0
Baixamar	12:21	0.4	Baixamar	12:01	0.4	Baixamar	12:06	0.4
Preamar	18:35	3.7	Preamar	18:14	3.6	Preamar	18:18	3.6



Luns, día 15:

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	00:34	0.6	Baixamar	00:13	0.6	Baixamar	00:18	0.6
Preamar	06:54	4.1	Preamar	06:31	3.9	Preamar	06:37	3.9
Baixamar	13:09	0.5	Baixamar	12:48	0.5	Baixamar	12:53	0.5
Preamar	19:23	3.6	Preamar	19:01	3.5	Preamar	19:06	3.5

Martes, día 16

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Baixamar	01:22	0.7	Baixamar	01:00	0.7	Baixamar	01:06	0.7
Preamar	07:44	3.9	Preamar	07:21	3.7	Preamar	07:27	3.8
Baixamar	13:59	0.7	Baixamar	13:38	0.7	Baixamar	13:43	0.6
Preamar	20:14	3.5	Preamar	19:52	3.3	Preamar	19:57	3.3

**Datos en tempo real:**

**Meteorolóxicos:**

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

**Océano-meteorolóxicos:**

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

**Máis información dos modelos:**

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>